



EXPTE 2021/G015/000004

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Este concello pretende a aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de guindastre.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns na elaboración da ordenanza e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No presente caso considérase unha duración de dez días hábiles para que se presenten as opinións a que fai referencia o artigo 133 da mencionada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a tramitación e aprobación da Ordenanza Municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de guindastre do Concello de Cedeira.

SEGUNDO.- Someter a consulta pública, durante un prazo de dez días hábiles previa á elaboración da ordenanza citada, a seguinte

MEMORIA

a) Antecedentes:

Mediante a elaboración e posterior aprobación da presente ordenanza preténdese o establecemento e a regulación dunha taxa pola prestación do servizo de retirada ou inmovilización de vehículos na vía pública e a custodia dos mesmos no depósito ou lugar establecido para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e nos artigos 2, 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (BOE nº 59, de 9 de marzo de 2004).

A exacción fundaméntase na necesaria contraprestación económica pola prestación dun servizo público de competencia local que afecta de modo particular aos suxeitos pasivos do tributo, sendo a súa recepción obrigatoria para os mesmos, e vir imposta a súa prestación polas disposicións legais ou regulamentarias vixentes.

b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Coa aprobación da taxa preténdese regular a imposición dunha taxa como contraprestación a un servizo necesario para o mantemento da orde pública e que ademais resultado obrigado pola normativa específica.



c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A aprobación da Ordenanza Municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de guindastre do Concello de Cedeira é necesaria, conveniente e oportuna para regular a exixencia da taxa retributiva da prestación do servizo e das condicións regulatorias en que esa exacción se producirá garantindo así a seguridade xurídica.

d) Obxectivos da norma:

Garantir a regulación da exacción mencionada pola prestación do servizo de guindastre.

e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se detectaron solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias que poidan substituír os efectos da ordenanza que se pretenden establecer.

TERCEIRO.-- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e no seu sitio web para que cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións a través do rexistro.

CUARTO.- Que se redacte a Ordenanza Municipal para a regulación da taxa pola prestación do servizo de guindastre, e se emitan nos momentos procedimentales correspondentes os informes e Secretaría e Intervención.

Cedeira, asinado dixitalmente
O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil